



## **AS BATIDAS AO XABARIL EN TEMPO DE VEDA**

O pasado mércores día 11, a prensa facíase eco da celebración de varias monterías ao xabaril os días 7 e 8 de marzo no tecor de A Ulloa, na provincia de Lugo.

A raíz desta noticia, e sin facer ningunha valoración sobre ese caso concreto, a Federación Galega de Caza quere manifesta-lo seguinte en termos xerais:

1. Os cazadores son conscientes, e deben ser sensibles, ante as dificultades que atravesan moitas veces os agricultores e gandeiros como consecuencia das inoportunas visitas dos xabarís ás súas explotacións provocando danos económicos, materiais e mesmo morais. A caza social practicada na nosa terra, debe ter especial sensibilidade coa problemática das persoas que viven no campo e do campo sempre, pero máis, se cabe, nestes tempos de dificultades económicas.
2. Por outro lado tamén cabe subliñar que a caza do noso tempo debe ser ética e racional. Dentro deste orde de cousas significar tamén a importancia, por non dicir a necesidade, de respetar os ciclos biolóxicos das especies animais, nas súas fases máis sensibles, non só en aras da sostenibilidade dunha parte do patrimonio natural galego, senón porque os cazadores deben amosar códigos de conducta que lles dignifiquen e fagan respetable a caza.
3. Como consecuencia do anterior, é preciso presta-la máxima atención ás necesidades e anhelos dos agricultores en canto a que sufran nas súas colleitas o menor dano posible pola acción da fauna silvestre. Os cazadores son, sen dúbida, o seu mellor aliado e a súa actuación unha necesidade innegable para reducir determinadas poboacións. O compromiso das sociedades de caza galegas coa xente do campo está patente en tódalas súas accións. A caza pode ofrecer diferentes actuacións para diminuír ou mitiga-los danos na agricultura acorde coas diversas circunstancias, tanto agrícolas como das especies salvaxes, e na man das persoas con responsabilidades en todo o ámbito cinexético está o escoller, solicitar, e autoriza-la máis axeitada e proporcionada a cada necesidade de xestión, dentro do interese xeral.
4. Non se pode esquecer que tamén é preciso facer esforzos para despregar en tódalas súas vertentes as medidas preventivas, así como seguir desenvolvendo un modelo cada vez máis xusto para o pagamento dos danos, de xeito que a xente do campo se sinta reconfortada porque a sociedade lle compensa pola acción dos animais salvaxes, que son patrimonio de todos.